



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 20 de novembro de 2019, tras a avaliación do medicamento ABEMACICLIB e a reavaliación dos medicamentos PALBOCICLIB e RIBOCICLIB, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, dos medicamentos considerados de alto impacto, sanitario, social e económico:

### ABEMACICLIB, PALBOCICLIB, RIBOCICLIB

nas seguintes indicacións:

1. Primeira liña de tratamento do cancro de mama metastásico ou localmente avanzado, positivo para o receptor hormonal (HR) e negativo para o receptor 2 do factor de crecemento epidérmico humano (HER2), en pacientes que cumpran todos os seguintes criterios:

- En combinación con calquera Inhibidor da aromatasas.
- ECOG 0-2.
- Sen enfermidade visceral ameazante para a vida, nin metástases sintomáticas no SNC.
- Non ter recaído durante o tratamento adxuvante con Inhibidores da Aromatasas, nin nos 12 meses posteriores á súa finalización.
- Non ter recibido tratamento previo cun inhibidor de quinasas dependentes de ciclinas.

En mulleres pre ou perimenopáusicas, débese combinar con medidas de supresión ovárica (cirúrxica, radioterapia ou un agonista-LHRH).

2. Tratamento do cancro de mama metastásico ou localmente avanzado, positivo para o receptor hormonal (HR) e negativo para o receptor 2 do factor de crecemento epidérmico humano (HER2), en pacientes que cumpran todos os seguintes criterios:

- Pacientes cuxa enfermidade progresou despois da hormonoterapia previa tanto no contexto adxuvante (durante o tratamento ou nos 12 meses posteriores á súa finalización) coma no metastásico.
- En combinación con Fulvestrant.
- ECOG 0-2.
- Sen enfermidade visceral ameazante para a vida, nin metástases sintomáticas no SNC.
- Máximo dunha liña previa de quimioterapia para enfermidade metastásica.
- Non ter recibido tratamento previo con Fulvestrant, Everolimus nin cun Inhibidor de quinasas dependentes de ciclinas.

En mulleres pre ou perimenopáusicas, débese combinar con medidas de supresión ovárica (cirúrxica, radioterapia ou un agonista-LHRH).

En ambas situacións clínicas, a elección entre Abemaciclib, Palbociclib e Ribociclib realizarase atendendo ás características das pacientes, o perfil de toxicidade do medicamento e a criterios de eficiencia.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2019

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica

Jorge Aboal Vías

Comisións de farmacia e terapéutica dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde

